



ORACIÓN

Señor, aquí estou
coa miña enfermidade e a miña dor.
Enfermo e dorido acudo a ti.

Ti coñeces moi ben o sufrimento e a cruz
que antes ou despois nos alcanza neste mundo.
Douche grazas porque quixeches compartir
comigo corpo e alma, dicirme na túa paixón
canto nos amas,
soster a miña esperanza para sempre.

Cando se afastan as ocupacións de cada día,
Ti achégaste e fálasme no íntimo,
visítasme en quen me atende e en quen me
coida con agarimo.

Axúdame, Señor, a saber que non estou só,
a rezarche ata sen palabras,
a poñerme nas túas mans
e confiar en Ti.
Amén.

